

CAMPIONATO DE GALICIA DE SLALOM

2022



FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOVILISMO



REGULAMENTO PARTICULAR:

PROBA: **7º SLALOM CONCELLO DE MOECHE**

PROVINCIA: **A CORUÑA**

DATA: **16 de Xullo de 2022**

ORGANIZACIÓN:

A Escudería Moeche organiza o VII Slalom Concello de Moeche o día 16 de Xullo de 2022, unha proba de carácter nacional, puntuable para o Campionato de Galicia de Slalom.

Esta proba de Slalom disputarase de acordo co establecido nas prescricións común ós Campionatos e Copas de Galicia 2022, o regulamento xeral do Campionato de Slalom, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 09-06-2022. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-023-SL, con coeficiente (7)

DEFINICIÓN:

Un slalom é unha proba de habilidade ó volante, que se desenvolverá sobre un pavimento plano, asfaltado, encementado ou co 20% en superficie en terra, que comporta cambios de dirección marcados preferentemente por obstáculos, como conos ou portas.

VEHÍCULOS ADMITIDOS:

Admitiranse os vehículos de:

AGRUPACIÓN I: ata 1.200 c.c. (Tracción dianteira, calle e competición).

AGRUPACIÓN II: Desde 1.201 a 1.600 (Tracción dianteira).

AGRUPACIÓN III: A partir 1.601 c.c. (Tracción dianteira).

AGRUPACIÓN IV: Tódalas cilindradas (Tracción traseira).

AGRUPACIÓN V: Tódalas cilindradas (Tracción total).

AGRUPACIÓN VI: Vehículos eléctricos 100% ata un máximo de 80kw (de calle).

Poderán participar toda clase de vehículos de turismo, con carrocería cerrada ou teito duro, dun mínimo de dúas prazas e que estean homologados, que proveñan de series de fabricación e en posesión da I.T.V. e seguro obrigatorio (SOA).

Admitiránse vehículos de estricte serie, sen barras antivolco, dunha cilindrada máxima de 1200cc ou de ser eléctricos, cunha potencia máxima de 80 kw. Deberán incorporar asento tipo baquet, arneses de 4 ou 6 puntos de ancoraxe, extintor e si o asento non é tipo baquetou de serie, terá que estar inmovilizado-fixo (sencorredeira).

Non se admitirán vehículos prototipos artesanais. (Car cross, Speed-Car, ou similares).

Autorízase o uso de neumáticos de competición (slicks ou similares), e prohibíase a utilización dos denominados de: tacos, contacto, cravos e cadeas, así como as rodas de tipo M, M+S, M4, M5 e C.

SEGUROS:

Os organizadores contratarán unha póliza de seguros nas condicións marcadas pola F.G. de A. que garanta unha cobertura mínima segundo a regulamentación vixente (Lei circulación).

CONCURSANTES ADMITIDOS:

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2022 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

INSCRICIÓNS:

Todo equipo que desexe participar na proba ten que cumprimentar telemáticamente en “www.fga.es” o formulario de inscrición. A falla de calquera dos datos requeridos no formulario de inscrición suporá o refusamento da mesma.

O peche de inscricións realizarase, con data límite, cinco días (luns) antes do principio da proba. A relación completa de inscritos, coa adxudicación do número de orde, será aprobada e autorizada polo habilitado da Federación Galega de Automobilismo, despois de comprobar tódalas directrices, para a súa publicación con tres días de antelación ó comezo da proba

Dereitos de inscrición:

- 85 € (aceptando publicidade facultativa)
- 170€ (NON aceptando a publicidade facultativa)

As solicitudes de inscrición admitiranse ata o **11 de Xullo de 2022** as **20:00 horas**, e a organización remitirá copia á Federación Galega de Automobilismo, por correo ou Fax, antes da celebración da mesma

As solicitudes de inscrición deberán remitir vía email a:
escuderiamoeche@gmail.com

Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos na secretaría da proba ou ben en:
ABANCA (Moeche) número de conta IBAN ES49-2080-0210-1630-4000-5250

Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

CIRCUÍTO:

O circuíto de asfalto plan redial nacional, estará emprazadon nas rúas de San Ramón do municipio de **Moeche**.

VERIFICACIÓNS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS:

No momento da realización da inscrición cada participante deberá remitir a Escudería vía email ou en persoa as copias de:

- Licencias: concursante, piloto e asistencia
- Seguro obrigatorio do vehículo en vigor
- Tarxeta de inspección técnica de vehículos coa ITV en vigor

O que non sexa facilitado a organización previo o día da proba será requerido o día da mesmanas Verificacións Administrativas. Moi importante, o recibo do seguro debe de facilitarse a organización en papel, non se verificará positivamente cando sexa mostrado mediante dispositivos móbiles tipo smartphones, tablets, etc.

Verificacións administrativas: levaranse a cabo na sede da Escudería Moeche situado no parque de traballo. Nelas verificarase a documentación non entregada no momento da inscrición, así como entregarse aos pilotos os dorsais correspondentes.

Verificacións técnicas: levaranse a cabo, como en anos anteriores, na Nave dos Tecidos, a carón do parque de traballo. Nelas uns Comisarios Técnicos comprobarase se as características técnicas dos vehículos participantes son acordes ao Regulamento Técnico para Vehículos de Slalom.

PREMIOS:

A entrega de premios realizarase na Casa do Concello de Moeche.

Teranse que entregar alomenos Trofeos os 6 primeiros da Xeral Scratch, os 3 primeiros de cada agrupación, así como o primeiro de cada copa de iniciación ou debutantes.

Ademais, será **OBRIGATORIO** a presentación dos vehículos dos 3 primeiros clasificados da Xeral Scratch diante da Casa do Concello durante a entrega de premios.

O diñeiro dos premios que corresponde os 6 primeiros clasificados da Xeral Scratch serán aboados mediante transferencia bancaria (coa correspondente retención xa aplicada) o mesmo día da proba, entregándose a cada premiado xunto co trofeo correspondente, o xustificante de transferencia bancaria realizada.

CLASIFICACIÓN	POSICIÓN	PREMIO
XERAL SCRATCH	1º Clasificado	320€ e Trofeo
	2º Clasificado	220€ e Trofeo
	3º Clasificado	120€ e Trofeo
	4º Clasificado	100€ e Trofeo
	5º Clasificado	90€ e Trofeo
	6º Clasificado	80€ e Trofeo
AGRUPACIÓN	1º Clasificado	Trofeo
	2º Clasificado	Trofeo
	3º Clasificado	Trofeo
COPA INICIACIÓN	1º Clasificado	Trofeo

CLASIFICACIÓN:

Celebraránse 4 mangas cronometradas, dúas de adestramentos e dúas oficiais.

A participación en **UNHA** manga de adestramentos será **OBRIGATORIA** sen penalizacións

As **DÚAS** mangas oficiais serán **OBRIGATORIAS** e para establecer a clasificación final, só se tomará o tempo acadado na mellor das dúas mangas disputadas polo participante, e sempre con penalizacións incluídas

A non participación dun piloto nunha das mangas oficiais será motivo de exclusión da clasificación final da proba

A cronometrar efectuarase a milésima de segundo con células fotoeléctricas. Para obter o tempo oficial dun participante realízase a resta entre a hora real de chegada e a hora real de saída. O piloto terá un prazo de 10 segundos para tomar a saída desde o momento no que o cronometrador o autorice a facelo.

Na chegada, as células fotoeléctricas teranse que poñer na entrada ao “garaxe”, no que o participante deberá deter por completo o vehículo sen tirar ningún pirulo ou cono que conforma o garaxe

Unha vez acadado o tempo resultante do cronómetro aplicaranse as penalizacións.

En caso de empate, decidirse en favor do vehículo de menor cilindrada

PENALIZACIÓNS:

Segundo describe o C.D.I., durante a proba, haberá Comisarios Deportivos debidamente licenciados, nomeados como xuíces de feitos para aplicar as faltas como segue:

FALTA	PENALIZACIÓN
Tirar un cono das lindes do garaxe	5 segundos
Sobrepassar a raia final do garaxeou non entrar nel	5 segundos
Non face-lo stop, ousexa, noparar totalmente dentro do garaxe	5 segundos
Por saída falsa, penalizarase por cada segundo de adianto	10 segundos
Por desprazarou tocar un cono oupao da porta	10 segundos
Por non pasar unha porta, ou pasar un cono polo lado contrario, ou non efectuar unha volta completa (por cada falta). A acumulación de duasdestas faltas, namesma manga, suporá a exclusión da mesma, pero validando a participación sen tempo	20 segundos
Por non efectuar o percorrido marcado	60 segundos
Por recortar os números ou varia-lo lugar destinado	60 segundos
Por desacato ou menosprezo a un comisario	EXCLUSIÓN
Por recibir axuda do exterior	EXCLUSIÓN
Por condución agresiva oupreigosa	EXCLUSIÓN
Non cumprimento das normas de parque DE CUSTODIA ou de traballo	EXCLUSIÓN

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS:

Dende o 11 de Xuño de 2022 as 10:00 horas, ata o día 15 de Xullo de 2022 as 22:00h estará situado en Café-Bar Xambas, sita en:

CAFÉ – BAR XAMBAS
 Lugar de Balocos nº12
 15563 – Moeche (A Coruña)
 Teléfonos: 659468516 / 620338153 / 676219560
 e-mail: escuderiamoeche@gmail.com

Durante o día 16 de Xullo, en Dirección de Carreira, sita en Casa do Concello de Moeche, e no Parque de Traballo

PROGRAMA HORARIO:

DATA	HORA	ACTO
09/06/2022	10:00	Apertura de inscricións
11/07/2022	20:00	Peche de inscrición
13/07/2022	21:00	Publicación lista de inscritos
16/07/2022	08:00	Verificacións administrativas e técnicas
	10:00	Presentación de vehículos no parque
	10:15	Publicación da lista de autorizados a tomar a saída
	A continuación	Briefing informativo diante da Casa do Concello
	10:30	Saída 1º participante 1ª manga de adestramentos
	A continuación	Parque de traballo
	14:00	Saída 1º participante 2ª manga de adestramentos
	A continuación	Parque de traballo
	A continuación	Saída 1º participante 1ª manga de oficial
	A continuación	Parque de traballo
	A continuación	Saída 1º participante 2ª manga oficial
	A continuación	Parque DE CUSTODIA
	21:30	Publicación de resultados
	21:45	Rolda de prensa dos 3 primeiros clasificados
22:00	Entrega de premios	

Nota: Levantamento vehículos parque de custodia: Óstrinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, aodeveñir en firme a mesma, autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos dos parques de custodia, sen ter que esperar ás entregas de premios.

PROGRAMA – HORARIO DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS

REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
ÚNICA	16/07/2022	09:00	SALA DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS sita en: Casa do Concello de Moeche

OFICIAIS DA PROBA:

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. Moisés García Fernández

DC1^a- 0112 - GA - EST

Comisarios Deportivos:

Presidente: D. Moisés García Fernández

DC1^a- 0112 - GA - EST

D. Marta M^a Sánchez Novo

En trámite

D. Raquel López Fernández

En trámite

Observador da F.G. de A.:

D. Borja ArdáFachal

OBS-0223 - GA - AUT

Director da Carreira:

D. Ramiro Fandiño Vázquez

DC1^a- 0113 - GA - EST

Comisarios Técnicos:

Presidente: D. David Fernández Calvo

En trámite

XefeSeguridade Vial:

D. Santiago Santalla Soto

CD – 0777 – GA - EST

Responsable Equipos Cronometraxe:

D. Edgar Díaz Prieto

CD - 0773 - GA - EST

Médico da proba:

Coche R TEAM MEDICAL GALICIA

Centros asistenciais:

C. H. U. Ferrol

Hospital Xeral Juan Cardona

Servizo de guindastres:

Motor Ortegal

Servizo contraincendios:

Concello de Moeche

Servizo de cronometraxe:

Escudería Moeche

Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licencias, o resto dos oficiais da proba comunicaranse no COMPLEMENTO 2, antes da celebración da proba.

O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser ocupados por Oficiais con licencia CD1^a, expedida pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura da Proba

Don Moisés García Fernández provisto da licencia do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número DC1^a- 0112 - GA - EST, solicito a aprobación do presente regulamento particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Fdo. Director da Proba

NIF: 32.695.579 - K

Licencia DC1^a- 0113 - GA - EST



Entidade: Escudería Moeche

C.I.F.: G-70.444.898

Fdo. Presidente: D. Moisés García Fernández


Licencia DC1^a- 0112 - GA - EST

Fdo. Xefe de Seguridade Vial

N.I.F.: 76.418.477-B

Licencia CD – 0777 - GA - EST

TRAZADO DO CIRCUITO



Fdo. Director da Proba
D.N.I.: 32.695-579 - K

Fdo. Presidente da Escudería
D.N.I.: 32.694.729-E

Vº.Bº. Xefe de Seguridade Vial
D.N.I.: 76.418.477-B

ANEXO I

RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIÓNS E RUTAS:

1.- Amparándonos no artigo 27.2 do noso Estatuto de Autonomía, onde Galicia ten a competencia en materia de deporte en “**exclusiva**”, por acordo de Xunta Directiva e Comisión Delegada, de data 1 de Outubro de 2020, e refrendo da Asemblea, emitirase **“LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS”** que habilitarán para participar en probas Autonómicas de Galicia.

A Federación Galega de Automobilismo entende que é posible a convivencia de ambas licenzas (**LICENZA AUTONÓMICA DE GALICIA-EXCLUSIVA E LICENZA AUTONÓMICA ÚNICA-ESTATAL**) a vista do declarado polo Tribunal Constitucional en sentenza 32/2018 do 18 de abril de 2018. Asimesmo en apoiode esta tese, o Xulgado Central do Contencioso Administrativo Número 2, de Madrid, ditou sentenza do 22 de Setembro de 2020 nos autos de recurso contencioso administrativo 13/2019 na que estimando a demanda interposta polo Presidente da Federación Galega de Piragüismo fronte a resolución do 8 de marzo de 2019 do “Tribunal Administrativo do Deporte” declara a nulidade da mesma e condena as demandadas, “Tribunal Administrativo do Deporte” (do C.S.D.) e “Real Federación Española de Piragüismo” a pasar poladevenda declaración. Déixase polo tanto sen efecto as sancións, económica e de inhabilitación, que se lle impuxeron ao Presidente da Federación Galega de Piragüismo por emitir **“LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS”** nas tempadas de 2015, 2016, 2017 e de 2018.

Na resolución ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo Número 2, de Madrid, polo que ós licenciados de Galicia lles interesa razoase que: Como resultado das alegacións das partes a F.G. de P. só ingresou a R.F.E. de P. a partecorrespondente a mesma das **“LICENZAS AUTONÓMICAS ÚNICAS-ESTATAIS” tramitadas na Galicia, e non así as da parte das “LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS”, por entender que coexisten estes dous tipos de licenzas, e que non procede neste último caso.**

O Tribunal Constitucional nasúsentenza de pleno, número 33/2018, de 12 de Abril do 2018, recurso de inconstitucionalidade número 3447/2015, apreciou a inconstitucionalidade do que se denomina efecto “transversal” ou “horizontal” da **“LICENZA AUTONÓMICA ÚNICA-ESTATAL”**, non o “vertical” o que impide declarar a nulidade do precepto impugnado no seu conxunto, o artigo 23 da Lei 15/2014, de 16 de setembro, da racionalización do sector público, polo que se modificou o apartado 4 do artigo 32, da Lei 10/1990 do Deporte, realizando no seu lugar unha interpretación do mesmo conforme á Constitución (FJ 3º Letra F).

Trátase dunha resolución xudicial que xunto á xa mencionada do Tribunal Constitucional supón devolver ás Federacións Autonómicas de Galicia as “competencias exclusivas” de que foron privadas coa modificación do artigo 32.4 da Lei 10/1990 do Deporte.

- Ademais nun momento como o presente no que as dificultades para o **“deporte de base”** víronse agravadas pola pandemia do Covid-19 supón unha conquista para o Deporte Autonómico de Galicia xa que suporá abaratar custos (o 90% só participan en probas autonómicas de Galicia) ós deportistas que unicamente queren participar en probas autonómicas e poderán obter unha **“LICENZA AUTONÓMICA DE GALICIA-EXCLUSIVA”** cuncusto inferior.

A decisión tomouse para beneficiar economicamente os licenciados autonómicos, que participarán con **“Licenza Autonómica Galicia-Exclusiva”** en probas autonómicas (non estatais) co conseguinte abaratamento.

2.- A vista de que varias federacións non existen para a obtención de licenza de piloto ser titular dun permiso de condución como modo de verificar que o condutor ten os requisitos de capacidade, coñecementos, e habilidade necesarios para a condución dun vehículo, que establece o artigo 61 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, a **Federación Galega de Automobilismo non permite a participación de pilotos que non estean en posesión dun permiso de condución, expedido pola D.G.T. ou organismo equivalente doutro país, para poder conducir un vehículo de competición en vía pública**, con ou sen proba deportiva, aínda que estean en posesión dunha licenza federativa. Os maiores de 16 anos e menores de 18 anos só poden participar, estando en posesión de licenza federativa de piloto, en circuitos DE CUSTODIAS (circuíto de velocidade, circuíto de autocross, ou circuíto de karting).

3.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licenza da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), **implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da “Federación Galega de Automobilismo”**, a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á “Federación Galega de Automobilismo” para a súa venda, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.

4.- Para garantir a responsabilidade a que houbese lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delega aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2020, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2ª Categoría, Slalom, e demais eventos a celebrar en Galicia: A.- **Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licenza do membro que faga as labores de asistencia. B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante na mesma proba.** C.- Todo participante que non sinala na folla de inscrición o nome, apelidos, e licenza da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas, nos Campionatos antes mencionados, coa non autorización a tomala saída.

5.- **Tódolos Campionatos, Supercampionatos, e Copas de Galicia, a partir da tempada 2022 inclusive, serán considerados “OPEN”;** agás a **PXP 23 Junior, as Fórmulas de Promoción, e para participar e puntuar nestas, só se poderá coas Licenzas Autonómicas de Galicia Exclusivas.**

6.- Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da “Federación Galega de Automobilismo”, adoptouse de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2022, sexan considerados “Open”.

7.- Asimesmo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da “Real Federación Española de Automobilismo”, **non serán expedidas nin admitidas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia, nin forman parte da regulamentación deportiva da “Federación Galega de Automobilismo”, os permisos de participación (ER, COR, PPP, PPC, PPK)**, posto que son permisos que outorgan dereitos restrinxidos ou limitados a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na “Federación Galega de Automobilismo”, e por tanto incumpren o disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia que establece no seu Artigo 28, en canto a expedición e contido das **“Licenzas Autonómicas de Galicia-Exclusivas”**, no seu apartado terceiro, que no seu caso, estas outorgarán, ao seu titular a condición de membro da Federación Galega de Automobilismo, **que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita a súa integración na Federación Galega de Automobilismo, con dereito a voto, e ser elixible nos procesos electorais da Federación Galega de Automobilismo.** As Licenzas Autonómicas Únicas Estatais, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na Federación Galega de Automobilismo.

8.- A Licenza que da **dereito a voto**, e ser elixible nos procesos electorais da “Federación Galega de Automobilismo” e a **“Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva”**. A **“Licenza Autonómica Única-Estatal”** non da ningún dereito a voto, nin outorga a condición de elixible nos procesos electorais da “Federación Galega de Automobilismo”.

9.- Poderase participar e puntuar, sen ningún tipo de discriminación, en tódolos Campionatos de Galicia de Automobilismo coa **“Licenza Autonómica Única-Estatal”** e coa **“Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva”**.

10.- **Se calquera licenciado autonómico quixera ampliar a súa licenza a Autonómica Única-Estatal terá que aboar, a maiores, o 25% que se lle ten que aboar a “Real Federación Española de Automobilismo” mais quince euros de gastos de tramitación, impresión, envío por mensaxería, e notificación de alta no arquivo da “Real Federación Española de Automobilismo”.**

11.- **Convivencia da “Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva” e da “Licenza Autonómica Única-Estatal” para a tempada de 2022 e vindeiras.**

ANEXO II

ENCARGADO DAS RELACIÓNS COS CONCURSANTES - MISIÓN PRINCIPAIS

Infomaraos concursantes e estar permanente contacto con eles

Este cargo terá que ser ocupado obrigatoriamente por un oficial posuidor de licenza expedida pola F.G.A. pois implica un perfecto coñecemento da regulamentación xeral.

Poderá asistir ás reunión do Colexio de Comisarios Deportivos a fin de poder estar informado de tódalas decisión tomadas

A persoanomeada para as Relacións cos Concursantes debe estar claramente identificada para os pilotos, por iso e conveniente:

- 1) Que leve unha identificación rechamante
- 2) Ser presentado aos concursantes durante o briefing
- 3) Engadir a súa fotografía e o seu número de teléfono nun Complemento do Regulamento
- 4) Poderá ser auxiliado por un adxunto

PRESENZA DO MESMO DURANTE O DESEÑO DA PROBA

O Secretario do meeting, ao abrir a secretaría da proba, debe facer un planning dos lugares nos que estará presente o encargado das relacións cos concursantes, planning que se colocará no taboleiro oficial da proba, e no que se indicará a súa presenza, sendo obrigatorio en:

- Verificacións Administrativas e Técnicas
- Secretaría do Meeting
- Parques DE CUSTODIA e de Traballo

Funcións:

- Dar aos que o soliciten, respostas precisas as cuestión que se expoñan
- Dar toda información ou calquera precisión complementaria relativa á regulamentación da proba

Finalidade:

Evitar que as demandas cheguen ata o Colexio de Comisarios Deportivos, sempre que se podan dar explicacións correctas e solicitudes satisfactorias para evitar as reclamacións.

O encargado das relacións cos concursantes, absteranse de utilizar palabras ou dar opinión que poidan suscitar polémica.

ANEXO III

PARQUE DE CUSTODIA E DE TRABALLO

1. Establécese un recinto para o Parque de Custodia e outro para o Parque de Traballo
2. Os participantes estarán en Réxime de Parque de Custodia, senposibilidade de traballar sobre os vehículos de competición dende a súa entrada no recinto, unha vez superadas as Verificacións Administrativas e Técnicas, e 30 minutos antes do comezo da proba
3. Durante o desenrrolo da proba, entre unha manga e outra, os vehículos estarán no Parque de Traballo ata a saída a seguinte manga oficial
4. OBRIGATORIAMENTE, unha vez finalizada a última manga cronometrada por parte de todos os conductores que compitan cunmesmo vehículo, esté accederán o Parque de Custodia
5. No interior do Parque de Custodia, quedará prohibida calquera comprobación ou reparación, salvo se o autorizaran os Comisario Deportivos ou Técnicos
6. O Parque de Custodia e de Traballo contará coas dimensións adecuadas e estará correctamente valados para que nel non poidan acceder persoas non autorizadas.
7. O Parque de Custodia e de Traballo será controlado por membros da organización, que serán os responsables do seubofuncionamento
8. Existirá un máximo de 3 extintores no Parque de Custodia e tamén no Parque de Traballo
9. No Parque de Custodia e de Traballo existirán obrigatoriamente servizos de WC e contenedores suficientes para almacenar o lixo que xeneren os equipos
10. Os equipos deberán deixar o lugar onde realizaron a súa asistencia nas mesmas condicións encontradas a súa chegada, depositando o lixo nos contenedores ubicados a tal efecto
11. Permítense un máximo de dous Vehículos de Asistencia por vehículo participante. Estes vehículos deben estar claramente identificados por placas de “Asistencia” entregadas polo organizador e colocadas nun lugar visible indo obrigatoriamente pegadas para poder acceder o Parque de Custodia e de Traballo
12. Durante o desenrolo da proba, os Vehículos de Asistencia non poderán entrar ninsair do Parque de Custodia e de Traballo, agás no parón do mediodía